



c/J Joanot Martorell, 25 Local 1  
08014 Barcelona  
Telf. +34 93 331 73 66  
Fax +34 93 331 42 20  
Móbil / SMS +34 678 71 26 19  
www.fesoce.org  
fesoce@fesoce.org

Os principais problemas das persoas con Sordocegueira son a falta de acceso á información e a autonomía persoal. Para compensa, no posible, estas dificultades fai falta que profesionais específicos "mediadores en Xordocegueira" interveñan un a un con cada persoa con xordocegueira, en todas as actividades e programas e en todos os ambitos (Escola, Centro, Residencia, Traballo, Lecer, Fogar,..) Este profesional tamén ten que axudar a reforzar os coñecementos e competencias tanto do resto de profesionais implicados como dos familiares e outros cuidadores relacionados. FESOCE quere incorporar "Mediadores en xordocegueira" como "Asistentes persoais" para todas as persoas con Xordocegueira.

Ajúdenos a facelo posible, contacte co "Centro de Recursos para a Sordocegueira". Acceda á nosa web e siga as indicacións.

Co apoio de:

© FESOCE, 2009



## Guía breve de detección da Xordocegueira

As persoas poden ser consideradas como xordocegas se a combinación de deficiencia visual e auditiva lle causan dificultades coa comunicación, co acceso á información e coa mobilidade. Moitas das persoas identificadas como con discapacidades de aprendizaxe, plurideficientes ou con problemas asociados á idade poden tamén padecer xordocegueira.

Unha forma sinxela para axudar ós non especialistas na detección da xordocegueira é o uso de descritores, un para persoas con xordocegueira conxénita (de nacemento) e o outro con adquirida.

Para máis información e derivación de casos, contacten co Centro De Recursos Para A Xordocegueira da Federación.

**FESOCE, Construindo un futuro para as persoas con Xordocegueira.**



En España hai máis de 18.000 persoas con xordocegueira, según referencias europeas. A maioría son descoñecidas para os servizos sociais, educativos e sanitarios competentes. Dos que están en contacto cos servizos anteriores, a maioría non están identificadas coma persoas con Xordocegueira nin están recibindo servizos apropiados.

## Descritores para Xordocegueira Conxénita

**As persoas nadas con deficiencia auditiva e visual ó mesmo tempo poden presentar calquera combinación de entre as seguintes características:**

- Ningunha resposta ó son e/ou á luz.
- Defensividade táctil - evitando o tacto (nenos, especialmente os pequenos).
- Problemas co contacto visual/participación social nunha idade temperá.
- Lentitude desenrolando e xeralizando habilidades (nenos).
- Adoitando unha postura inusual para realizar as tarefas – utilizando o resto auditivo ou visual excéntricamente (nenos).
- Dificultade en entender o senso do mundo ó seu redor.
- Retraso do desenrolo.
- Desenrolando métodos de comunicación persoais.
- Comportamentos repetitivos (estereotipias).
- Comportamento agresivo con eles mesmos ou cos outros.
- Retraimento / aillamento.
- Uso do olfato, sabor, tacto para obter información.

## Descritores para Xordocegueira adquirida

**As persoas que adquiren a deficiencia auditiva e/ou visual tarde na vida poden presentar calquera combinación de entre as seguintes características:**

### Audición



- Sen resposta cando se fala dende detrás.
- Necesidade de ter a televisión / radio / estéreo máis alta do que é necesario para os outros.
- Dificultade en seguir a conversa de persoas ou acentos descoñecidos.
- Dificultade en seguir os cambios do orador durante unha conversa.
- Falta de conciencia de ruidos externos ó ambiente inmediato, por exemplo obras no edificio, ruído de tránsito, etc.
- Tendencia a retirarse da interacción social.
- Axudas técnicas para persoas con discapacidade auditiva (audífonos, IC, bucles magnéticos, FM, etc.).
- Queixas de que todo o mundo mastica ou fala demasiado deprisa.

### Visión



- Necesidade de luz adicional.
- Falta de conciencia dos cambios de posición doutros.
- Imposibilidade de atopar obxectos fóra do seu lugar habitual.
- Uso inusual do tacto en soporte á mobilidade ou tarefas.
- Dificultades causadas polos cambios no nivel da luz.
- Dificultade ou reticencia en/a lugares e rutas non familiares e/ou con luminosidade pobre.
- Dificultades en recoñecer persoas coñecidas ata que se presentan.
- Dificultades coa televisión e os diarios.